

Follas do Cineclubo 26/10/2022

UNHA SESIÓN COMO AS OUTRAS
(Pezas curtas de Jean-Luc Godard,
1962-2022, 90)

04

[Publicada orixinalmente en *Un blog comme les autres*, dispoñible en <http://postcefalublogspot.com/2022/09/sin-esperar-godard.html>]

Supoño que haberá quen se congratule, pero a min me entristece que xa non poidamos seguir agardando unha nova película de Jean-Luc Godard. Aínda que ultimamente semellaba estar, en efecto, canso, algúns no perderamos a esperanza de que tivese entre mans, agora que eran máis lentos de elaboración, un novo filme en *train de se faire*, un nova *work in progress* que propoñernos coma un desafío, un folgo, un paso adiante cara o que non fan os demais e el puidese pensar que sería interesante probar, a ver que saía. Nese sentido, foi sempre moi experimental, un buscador infatigábel. Unha sorpresa continua. Sempre imprevisíbel, por sorte. Silenciosamente, nel fervía un espírito de revolución permanente, niso que el chamou “a continuidade na ruptura”.

Era, quizais, e xa desde algún tempo, o derradeiro supervivente da Nouvelle Vague, o que debeu resultarlle unha carga entristecedora, e sen dúbida tería acrecentado a súa sensación de soidade, el que tanto tratou de atopar colaboradores, polo menos dous ou tres persoas coas que entenderse para facer unha película.

Sen sequera pretendelo, seguía estando á vangarda do cinema, sobre todo por precaución, desleixo ou preguiza da maioría, falta de audacia dos produtores e distribuidores (de verdade, cre alguén que hoxe, mesmo en Francia, alguén lle tería producido a Alain Resnais *L'Année dernière à Marienbad* ou a Godard *Pierrot le fou*, ou que sería fácil estrear *Vivre sa vie*, *Les Carabiniers*, *2 ou 3 choses que je sais d'elle*, *Weekend o Nouvelle Vague?*) e crecente afección ao rutineiro –iso que Godard non foi nin no seu período “maoísta”– por parte da crítica acrítica (hoxe a maioritaria) e do público (sobre todo, ese que precisa mastigar para ver cinema, e prefere velo dobrado, en tamaño reducido e na casa, e que sexa un tipo de cinema, a ser posíbel, ben mastigado).

Pero coido que nin sequera era iso o importante de Godard. A súa tranquila ousadía –nunca pretendeu ser un revolucionario, nin un radical innovador, nin sequera un iconoclasta ou un líder, foron outros os que lle atribuíron eses alcumes ou papeis– foi unha liberación, unha declaración de independencia, un estímulo e un acicate para moita xente nova e ata para algún dos seus maiores, e iso axudou a que xurdiran cineastas ata en países de escasa industria e nula tradición cinematográfica, e que o cinema, aínda que sempre fora moi variado, se fixese incluso menos previsíbel e máis sorprendente, máis alegre unhas veces, e outras máis desesperado, máis atrevido, máis libre.

El liberou ao cinema –ata o dos seus detractores– animando a cambiar a maneira de facelo e de contar as historias con imaxes e sons, atrevéndose a alternar longametraxes e curtas, experimentando co vídeo cando case ninguén o facía. Que algúns dos seus pretendidos discípulos ou seguidores non acertasen non se lle pode imputar a Godard, senón aos seus imitadores. Os que non eran copistas tomaban del exemplo, e iso animou a moitos a falar de si mesmos, a contar as súas reflexións, aínda que non fosen “historias narrábeis”, aínda que non fosen ficcións nin se puidesen encadrar e etiquetar dentro dun xénero. Iso fixo ao cinema máis persoal e máis vasto, máis amplo... para espanto de algúns, partidarios do monocultivo, do conformismo e da uniformidade, e por iso interesados en que sucedese xustamente o contrario.

Tampouco é a súa –aínda non facilmente calibrábel– importancia histórica o que a min me importa de Godard. A Historia e o paso dos anos dirano, pero mesmo aquelas das súas películas que o mesmo Godard –como é lóxico– fora superando, por non repetirse entre outros motivos, e porque aínda seguía vivo e coleando, e polo tanto avanzando, seguen estando entre as máis emocionantes, reveladoras e estimulantes que teño visto e revisado moitas veces nunha longa vida de cinéfilo: non só *À bout de souffle* (a única que gusta a algúns antigodardianos; hoxe un clásico), *Le Petit Soldat*, *Une femme est une femme*, *Vivre sa vie*, *Les Carabiniers*, *Le Mépris*, *Bande à part*, *Alphaville*, *Pierrot le fou*, *Masculin Féminin*, *2 ou 3 choses que je sais d'elle*, *La Chinoise*, *Weekend*, *Le Gai Savoir*, *Tout va bien*, *Sauve qui peut (la vie)*, *Soft and Hard*, *Nouvelle Vague*, *Hélas pour moi*, *JLG/JLG (Autoportrait de décembre)*, *Forever Mozart*, *Histoire(s) du cinéma*, *The Old Place*, *Éloge de l'amour*, *Notre Musique*, *Film Socialisme*, *Les trois désastres*, *Le Livre d'image*; tamén outras menos coñecidas, máis breves ou máis longas, series televisivas nunca emitidas, ou que, simplemente, circularon menos: *Ici Et Ailleurs*, *6 fois 2/Sur et sous la communication*, *France Tour Détour Deux Enfants*, *Lettre à Freddy Buache à propos d'un court-métrage sur la ville de Lausanne*, *Passion*, *Prénom Carmen*, *Je vous salue, Marie*, *Détective*, *King Lear*, *Puissance de la parole*, *Allémgagne 90 neuf zéro*, *Les Enfants jouent à la Russie*, *Adieu au TNS*, igualmente interesantes, importantes e –si– capaces de emocionar, de conmover, de interrogar, de facer pensar, de divertir; e aínda quedan máis, para o meu gusto tal vez menos logradas, ou máis friamente analíticas, ou feitas

SEN AGARDAR A GODARD

MIGUEL MARÍAS

con menos paixón, ocasionalmente máis dogmáticas, ou máis preguizosas, ou algo menos persoais, porque Godard tamén contou as súas cuitas, os seus pesadumes e os seus erros, nun raro exemplo de cinema confesional apenas críptico. Ver *Made in U.S.A.* deixa entrever a crise da parella Godard-Anna Karina, e o seu período co Groupe Dziga Vertov, que tanto irrita a uns e distanciou a outros, adoita ser moi interesante, como un laboratorio compartido no que seguía experimentando formas de comunicación.

Evidentemente, cada cal pode preferir outras, ou ningunha, por suposto, e por razóns diferentes; o que non parece moi aceptábel, e ocorreu máis dunha vez, é atacalas sen velas (coma os ignorantes que se manifestaban contra *Je vous salue, Marie* sen tela visto, coa escusa delirante de que “sería pecado”, ou os que non se molestan en tratar de entendelas, descualificándoas co pretexto pouco serio de que “non se entenden”, cando outros parece que si as entenden).

Só pola cantidade de filmes que fixo, non é un cineasta ao que caiba desdeñar á lixeira nin pasar por alto. Non era en modo algún prescindíbel desde 1960, e apostaría que seguirá sendo obxecto de estudio, de emoción, e probabelmente de polémica, dentro de cen anos, cando tal vez ata *Le Livre d'image* semelle un clásico, ata se o cinema tivese para entón deixado de existir, como levamos case seis décadas oíndo profetizar, mesmo por Roberto Rossellini. Do Rossellini da inmediata posguerra mundial precisamente lle vén a Godard o empeño de evitar un guión escrito e detallado que “executar”, e de facer películas non “improvisadas”, senón pensadas e escritas coa cámara, os escenarios e os actores, feitas directamente cos medios propios do cinema, con planos e tempo e ritmo e luz e movemento, ao sumo cuns poucos apuntamentos e esquemas nun caderno ou unhas follas soltas. De ningún director coñecemos tan a fondo a súa caligrafía, a súa letra manuscrita, a súa afección aos rótulos, a mecano-escritura, ou os xogos de palabras e de letras.

Os de Godard son sempre filmes-prototipo, provocativos, intrigantes para calquera con gusto polo cinema e curiosidade, das que fan pensar. Diría que son coma “despertadores”, que sacan aos espectadores da modorra inducida na que facilmente poderían caer se non visen, sequera unha vez ao mes, algo distinto, con outra mirada, con outra forma de pensar e de encadear un plano con outro, unha secuencia con outra, e non sempre seguindo a mesma orde convencional á que estamos habituados.

Godard foi case sempre un cineasta que se facía preguntas e llas lanzaba, como unha pelota de tenis (era un

grande admirador de Federer) aos espectadores, coa esperanza de que algún a collese ao voo, e comezase encadear unha desas asociacións de ideas, imaxes, palabras, músicas e sons que lle permitían saltar alegremente dunha cousa a outra, amosar as relacións, non evidentes para todos, entre certas ideas e certos actos, como entre unhas películas e outras en *Histoire(s) du cinéma*, e máis breve e sen rodeos se cabe en *Moments choisis des histoire(s) du cinéma*.

Ningún outro cineasta se expresou tan directamente a través dos seus filmes, ningún tratou tanto como el de explicar(se), antes e despois de facelas, o que quería facer, o que crea ou agardaba ter logrado. Penso, por iso, que coñecer a súa filmografía pode ser útil ata para los que non desexan emulalo, os que pensan de outro modo, ou teñen outra idea do cinema; e necesario para obter o seu retrato máis fidedigno e rico, moito mellor que lendo biografías acerca del ou atendendo a rexoubas, murmuracións, rumores. Si convén ler *Une année studieuse* (roman) (2012) de Anne Wiazemsky, mellor que *Un an après* (roman) (2015), e dende logo, escapar do repugnante filme *Le Redoutable* (2017) de Michel Hazanavicius. Do verdadeiro Godard convén ler tamén as súas críticas, e durante moito tempo as súas entrevistas estiveron cheas de ideas suxerentes.

É, por outro lado, un cineasta non só difícil, senón perigoso de imitar, porque foi sempre totalmente persoal, ata cando rodaba un plano “á maneira de” Nicholas Ray, Samuel Fuller, Fritz Lang, Rossellini, Griffith, Chaplin, Luliia Solntseva, Vigo, Murnau o Mizoguchi, ou cando metía nos diálogos de *À bout de souffle* fragmentos do que escribira meses antes nas súas críticas de *A Time to Love and a Time to Die* de Douglas Sirk ou de *Bitter Victory* de Ray. E coido que algún día se lle recoñecerá como un dos grandes montadores de toda a historia do cinema, xunto aos poucos (soviéticos en xeral) que hoxe ocupan ese panteón particular. E tamén como un dos poucos que de verdade souberon empregar o son e a música.

Ten fama de antipático, como tantos outros cineastas, pero eu atopeino encantador, moi simpático e divertido, e moi cinéfilo –case quedou a ver unha vez máis *Johnny Guitar*-. Descansa, sospeito que inqueda, imaxinando novas imaxes.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

FEB
2022

ASOCIACIÓN

O Cineclube tenta ser unha asociación autosexionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as) cineclubedecompostela.wordpress.com facebook.com/cineclubedecompostela @cineclubedecompostela@gmail.com

PROYECCIONES

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela) Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

5 DE OUTUBRO

XOGOS DE VERÁN
(Sommarlek, Ingmar Bergman, Suecia, 1951, 96', VOSG)

12 DE OUTUBRO

O HOME DO OESTE
(Man of the West, Anthony Mann, EUA, 1958, 100', VOSG)

19 DE OUTUBRO

TODA UNHA NOITE
(Toute une nuit, Chantal Akerman, Bélxica-Francia-Paises Baixos-Canadá, 1982, 90', VOSG)

26 DE OUTUBRO

UNHA SESIÓN COMO AS OUTRAS
Pezas curtas de Jean-Luc Godard, 1962-2022, 90'